

# XXVI Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca

Vigo, 7 de xaneiro de 2025

O Concello de Vigo e o xornal Faro de Vigo, coa colaboración da Fundación Vigo en Deporte, convocan a **XXVI Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca**, que terá lugar o ano 2025. A Gala desenvolverase co arranxo ás seguintes

## **BASES**

**1** A Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca ten como obxectivo **premiar** os resultados e o traballo dos mellores deportistas masculinos e femininos, **en función dos éxitos acadados ao longo do ano anterior**.

**2** O/a nomeado/a pola correspondente federación deberá ser natural da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, levar empadroad/a nestes concellos polo menos un (1) ano ou, non sendo da área, ter desenrolado a súa traxectoria deportiva en entidades deportivas da mancomunidade deixando a súa pegada de xeito moi significativo.

A **Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo abrangue os municipios seguintes**: Vigo, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño e Soutomaíor.

**3** Os nomeamentos serán realizados polas respectivas Federacións Galegas rexistradas na Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e, de xeito especial, polo xurado da gala e por calquera federación deportiva sen territorial en Galicia pero legalmente inscrita no Consejo Superior de Deportes.

**4** Cada federación deberá nomear ao **seu mellor deportista (home ou muller)** cumprimentando debidamente o anexo I. **Todos os nomeados ou nomeadas** polas federacións correspondentes, e sempre que cumpran as presentes bases, terán na Gala do Deporte o **recoñecemento de MELLOR DEPORTISTA 2024 de Vigo e a súa comarca na súa modalidade**.

**5** O Xurado, co fin de que a Gran Gala considere a todas as modalidades sen exclusión, poderá engadir ás propostas das federacións outras que, polos seus grandes méritos, poidan tamén optar ao título principal. O xurado tamén poderá elixir deportistas que, non sendo da mancomunidade, teñan unha participación continuada e acreditada no deporte da área intermunicipal.

**6** As federacións poden presentar tamén o seu **candidato ou candidata a mellor deportista promesa 2024** (home ou muller nacido a partires do 1 de xaneiro de 2005), polos seus méritos no ano 2024, cumprimentando debidamente o anexo II. O Xurado tamén estará facultado para incluír aos candidatos ou candidatas que por méritos considere aínda que poida haber máis de un deportista da mesma federación, entendendo ademais que hai algunhas que agrupan disciplinas diferentes.

# XXVI Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca

**7** A folla de nomeamento deberá presentarse por correo electrónico ([vide@vide.es](mailto:vide@vide.es)) á **Fundación VIDE**.

**8** O prazo de presentación das candidaturas irá do **10 de xaneiro de 2025** ao **13 de febreiro de 2025**.

**9** De entre todos os/as nomeados/as, a Organización, a través do Xurado convocado, **elixirá a “Mellor Deportista Feminina de Vigo e a súa comarca” do ano 2024** e o **“Mellor Deportista Masculino de Vigo e a súa comarca” do 2024**.

**10** De entre todos os/as candidatos/as sub-19, a Organización, a través do Xurado convocado ao efecto, elixirá dous vencedores: **“Mellor Deportista Promesa Feminina de Vigo e a súa Comarca” do ano 2024** e **“Mellor Deportista Promesa Masculina de Vigo e a súa Comarca” do 2024**.

**11** É **requisito** indispensable que os deportistas nomeados (mellor deportista e promesa se é o caso) tivesen participado **como mínimo** nun Campionato de España, Europeo ou Mundial ou ter sido internacionais coa selección española. De non contemplarse estes méritos, a organización pode rexeitar a candidatura, recolocala dentro das mencións especiais ou deixar deserto o premio.

**12** A Gran Gala consta dunha exposición presentando as candidaturas, unha recepción ás empresas que traballan a prol do deporte, un acto cos deportistas promesa e a propia Gran Gala. En función da promoción do evento, a organización pode modificar, recortar ou axustar estas accións.

**13** O Xurado da gala, que ten a decisión sobre o Premio Luis Miró á traxectoria, terá a facultade de presentar as seguintes mencións especiais:

- Deportista veterano/a.
- Deportistas pola súa traxectoria.
- Empresas que destacasen polo seu apoio ao deporte.
- Sociedades, clubs ou dirixentes que traballen ou traballasen polo deporte.
- Aniversarios significativos ou calquera proposta axeitada.

**14** O xurado, como máximo, estará formado polo concelleiro de Deportes do Concello de Vigo, en calidade de presidente, un membro de cada un dos grupos políticos representados na Corporación, tres representantes de Faro de Vigo, o presentador da Gala -sempre que sexa alguén relacionado co sector e independentedo xornal e do Concello-, e tres deportistas invitados a proposta do presidente e de Faro. Como secretario do xurado, unha persoa consensuada entre Faro e a Concellería de Deportes, con voz pero sen voto. As súas decisións serán inapelábeis.

José Manuel Fernández Pérez



Concelleiro de Deportes  
Concello de Vigo